

PRÁCTICO 01/22

Atendendo aos documentos, conteste

a) Observe a figura 1 e identifique as dez provincias peninsulares que contem con estacións de esqui

b) Comente os documentos seguindo estas cuestións:

- Analice os tipos de documentos nas figuras 1 e 2 (1 punto)

- Comente a figura 2 analizando a súa posible localización, os elementos e as características deste como destino turístico

- Analice distintas repercusións ao longo do tempo da actividade económica dominante nesta paisaxe.



Fig. 1



Fig. 2 Calpe (Alacant)

PREGUNTA 3 . Sector terciario. Os espazos terciarizados. (2,5 puntos)

Analiza o mapa e o seguinte texto:

El bar de Mera mantiene su cruzada: se declara zona libre de ‘fodechinchos’

El local, que reabrió ayer tras una semana de descanso, luce un contundente cartel a sus puertas

O Puerto Martina Baar reabriu tras unha semana pechado e mantén a súa postura crítica cara a certa clientela. Antes de pechar, publicara en Facebook: “Se cae unha bomba en Mera quedan sen tontos na Meseta”, xerando unha gran polémica en España e no estranxeiro (...).

Á entrada do local colocaron un cartel que declara o espazo libre de “fodechinchos” e recolle frases como “¿qué tienes de pincho?” ou “unas olivas pa acompañar” (...). Aparece tamén unha sinal de prohibición sobre a bandeira de Madrid.

Os responsables do bar non fixeron declaracións, pero turistas opinan que foron ben tratados. Hostaleiros da zona din que a polémica non afectou os negocios (...).

A noticia foi recollida por *El País*, *La Vanguardia* e *El Mundo*, e mesmo *The Guardian* se fixo eco do suceso.

(Extracto nova publicada en “El Ideal Gallego” o 19/08/2024)



3.1 Indique 5 provincias polas que pasa o camiño francés. Defina o concepto de turismofobia. Que factores provocan a aparición da turismofobia en determinadas áreas. Que medidas se podería aplicar para paliar esta situación? **(2,5 puntos)**

3.2. Indique 5 provincias polas que pasa o camiño francés. Defina o concepto de turismofobia. O texto amosa unha manifestación do sentimento de turismofobia, da exemplos de outras que podan xurdir. Que implicacións pode conlevar para o desenvolvemento económico estas manifestacións turismofóbicas. **(2,5 puntos)**